



# CIG-SAÚDEinforma

## Oferta de Emprego do SERGAS para o ano 2019: 1.314 prazas

**En ano de eleccións, a oferta de emprego publícase no primeiro trimestre do ano en vez de a finais de ano.**

A oferta de emprego da que onte informou o SERGAS na mesa sectorial, é a mesma oferta de emprego que se ven publicando desde o ano 2010.

- Unha oferta de emprego, que antes de chegar á mesa sectorial, foi negociada coa **comisión de seguimento coas Organizacións Sindicais asinantes da taxa de reposición** **acordo que a CIG-SAÚDE non asinou**. E que, cada oferta de emprego publicada debe ratificar as nosas denuncias.
- **Ese acordo sindical de taxa de reposición a quen beneficia? As/os traballadoras/es**
- Unha oferta de emprego que é un **“INSULTO”** a todas/os as/os profesionais da sanidade pública, obrigándoos a presentarse ano tras ano ás oposicións sen acadar unha praza pola ridícula oferta de prazas.
- Unha oferta de emprego que **consolida a precariedade laboral**. Non se convocan novas categorías existentes. E as que se convocan, non acadan nin o 30% das vacantes que había no SERGAS desde o ano 2009.
- Unha oferta de emprego que **consolida a falta de profesionais na atención primaria**. Convócase unha oferta só con 200 prazas de médica/o de familia e 35 pediatras na atención primaria.

Recentemente nunha visita ao SERGAS do Conselleiro Vasco de saúde, dixo, que o persoal non ten unha carreira para cubrir días libres e vacacións. Isto será en Euskadi. Aquí o **SERGAS coa súa política de emprego condena as/os profesionais á precariedade laboral, ou a migración.**

### Máis de 6.000 PRAZAS CONVOCADAS NO CONCURSO DE TRASLADOS

**SÓ 1.314 PRAZAS SE CONVOCARÁN NA OFERTA DE EMPREGO DO 2019**

1.022 prazas da taxa ordinaria
79 prazas do plan de estabilidade
81 prazas por cumprimento do déficit
132 prazas por cumprimento do déficit de toda a Función Pública

**FEIJOÓ O CAMPIÓN DO DÉFICIT**

**CIG-SAÚDE rexeita esta oferta de emprego**, esixe ao SERGAS que remate dunha vez coa taxa de reposición, e que **convoque nos procesos selectivos o 100% a prazas vacantes producidas no SERGAS desde o ano 2009.**

